

En primeiro lugar, quixera desculpar a ausencia do secretario xeral de Política Lingüística, Anxo Lorenzo, que debido a un imprevisto de última hora non lle foi posible participar neste acto. Un acto que nos congrega hoxe no concello de Cambados e que supón un novo impulso da lingua galega nun sector esencial da nosa sociedade: o empresarial. Hoxe asistimos a unha nova unión da nosa lingua e da nosa empresa, que representa a ilusión e a forza de emprendermos novos camiños na revitalización do idioma propio de Galicia.

Para a Xunta de Galicia e para a sociedade galega é un orgullo presentar hoxe publicamente a decisión de Travibus Noroeste de facer prestar máis servizos aos seus usuarios en galego, ademais de manifestar o seu orgullo de traballar nesta terra nomeando os seus autobuses coa toponimia do país.

Deste xeito, Travibus vén sumarse ás empresas que conciben con naturalidade o uso cotián da lingua galega, que entenden o galego como un activo na súa traxectoria profesional, como unha oportunidade e como unha forma de estar no mercado acorde co contorno social no que se sitúan. Porque utiliza-la lingua galega debe mostrarse como unha actitude absolutamente natural e normal.

Desde a SXPL entendemos que os poderes públicos deben desempeñar un papel fundamental para animar a que cada vez máis empresas percorran este camiño e vinculen a súa actividade á lingua galega. Por iso na Secretaría Xeral de Política Lingüística seguimos implicados en levar adiante esta tarefa coa máxima eficiencia posible, e desde logo, da man dos profesionais e colectivos de Galicia vinculados con este sector.

Fomenta-la lingua galega significa logra-lo seu acceso a tódalas funcións; significa conseguir novos ámbitos funcionais, vinculados coas necesidades actuais e co avance da sociedade. Por iso cremos que a promoción do uso do galego se debe desenvolver como un labor transversal. O que non podemos facer é relegar a cuestión do fomento da nosa lingua unicamente a uns determinados sectores.

É evidente que debemos levar a cabo, simultaneamente, outros esforzos en diversos ámbitos sociais, como o empresarial, que hoxe nos ocupa, o das novas tecnoloxías, o do ocio, o económico, o sanitario etc. É por iso que, dentro dese labor transversal de impulso á lingua galega, a Secretaría Xeral de Política Lingüística xa abriu en 2009 novas liñas para planificar a tarefa de dinamización do galego priorizando a coordinación e a actuación en campos de intervención urxente, por seren aqueles nos que a lingua conta cunha menor protección e uso.

O galego é a empresa da sociedade, un patrimonio de toda a cidadanía galega, un elemento que nos une a todos os galegos e as galegas.

Iniciativas como a que hoxe presentamos son un exemplo excelente desa vontade de unir esforzos para impulsa-la lingua propia de Galicia. Por iso quero expresar-lles os meus máis sinceros parabéns ós representantes da

empresa Travibus, cuxo compromiso coa lingua galega constitúe un grande exemplo para o sector empresarial.

Tamén quixera trasladarlles o meu agradecemento á Asociación de Funcionarios pola Normalización Lingüística e ao Foro Enrique Peinador, pola súa actividade constante e o seu apoio a tódalas empresas que ven no galego un activo para a súa actividade; así como tamén a tódolos autores implicados na elaboración de *Relatos da paisaxe*, que estou seguro de que será un magnífico compañeiro de viaxe.

Finalmente, agradecerlle ó concello de Cambados que hoxe nos brindara a súa casa e se sumara a este acto de compromiso coa lingua propia de Galicia.